

A voz de Queipo

Vicente ARAGUAS

A Ricardo Pichel

*Eco incerto e cruel;
a voz de Queipo na Telefunken da casa veciña.
V. A.*

Pasou ao faiado, a un curruncho con xanela gatuna, cando a resistencia no Arsenal dera as derradeiras boquexadas. Deu saído de aquel inferno, asombrosamente indemne. De paisano, entre dos mariños que xa estaban prendendo aos que ata uns días atrás non foran senón compañeiros de armas. Camaradas xa non, por máis que entre os vencedores comezase haber chaquetas reviradas e mans abertas en canto dos puños fechos, que as loitas civís é o que teñen, cambios súpetos á hora do sálvese quen poida.

Salvado era como el se vía agora. Ao menos de momento, no faiado da súa casa, nese garigolo cunha porta agachada detrás dun armario que conducía a un espazo cativoiro, onde o home agardaba acontecementos, atento ao que lle transmitise Corina, a súa muller, encargada de correr pola vila a voz de que Marcial dera liscado nun pesqueiro, e andaría xa polo Cantábrico, onde as tropas leais, dicíalle ela, tiñan gardados os portos das poutas fascistas.

Na casa veciña, horta grande, en contraste co patio da casiña do agachado (verán do 36, malo para todo, agás para o baile “agarrado” da máis cabrona, a que en canto de mudar parellas con vasoira faino con gadaña), unha familia colle folgos, alenta forte coa caída do Arsenal nas mans de aqueles dos que son seareiros.

O patriarca fixera camiñando, os tranvianos inactivos, os nove quilómetros que afastaban o centro da cidade da vila, para sentirse a salvo, cando as espadas estaban aínda no alto, dous días antes, o 19 de xullo, pois, de que Marcial fixese o propio, el agachado debaixo dos sacos de fariña do carro de cabalos dun panadeiro amigo.

O patriarca da familia da casa veciña viñera camiñando, despois de botar a noite na pensión

dunha curmá da súa dona, escoltado por dous militares de paisano, portadores de pistolas. Á metade da estrada que vencella vila e cidade ollou unha vez máis para o chalé do seu irmán, nun lugar que din Piñeiros, pensando que quén lle dera casa semellante, con palmeira no xardín e todo, e cismou en que a ver se todo aquilo acababa cedo, ou ficaba nunha algarada máis, e podía ir pensando en erguer un chalé de seu, con xaponeses e maceiras e millo, moito millo, que por algunha razón que se lle escapaba era para el cultivo preferente. E sorría o petrucio, nos seus corenta e seis anos traballadísimos, desde cativo, desde que comezara de dependente en “La Villa de París”. Tan traballados como os seus bronquios de fumador compulsivo de caldo de galiña, causa da canseira infinda que sentía agora que o trío encetaba xa a boroa da costa que, pasada a Fábrica de Tecidos, gavea entre do monte e a ribeira, neste domingo de xullo tan ameazador atal o trebón que ameaza con estoupar, mañá, luns, despois da tensísima calma de hoxe ao longo de todo un país definitivamente cañita.

Marcial, mentres que o carro de Fungeiro troupeleaba nas lastras da estrada, acompasado o seu son polo dos tranvías xa activados, ía cismando en qué facer se a sublevación fascista non daba parado. O seu compromiso republicano fora tan evidente como os berros de xúbilo que dixeron que ceibara o día en que se soubera a morte de Calvo Sotelo. E Marcial que non, que el non dixerá tal, que aquilo de que “pouco foi o que fixeron, mais como el deberan caer” que lle atribuíra o párroco era mentira podre, que el soamente sorrira con sorriso irónico, iso si, o que non era razón para sentirse, como xa se sentía ameazado, aínda que ben sabía que era a súa militancia socia-

lista o adival que xa lle estaba arrodeando o pescozo, si.

No interín, aqueles días de agosto, no curruncho que o pechaba, eran anguria e tristeza, sensación tremenda de claustrofobia soamente aliviada polos paseos nocturnos a través das hortas veciñas, non precisamente a da casa inmediata, acompañado por un home pequeno. Cativoiro de estatura, grandísimo de corazón, que malia vir por partida dobre dunha familia de gardas civís, a maiores partidarios activos da sublevación militar, non tiña problema en compartir aquelas paseatas de madrugada cun agachado como Marcial. Quen admiraba en Toñito non só a súa bonhomía mais a habelencia que tiña en facer soar o acordeón, o piano dos pobres que alguén dixerá ou cantara, en canción que daba voltas no encerro de Marcial, no faiado ou garigolo do Portazgo de Xuvia-Neda, onde o tranvía colle aire despois de subir por unha costa longa, longa como aqueles días do verán de 1936, ano decididamente maldito neste país de historia como un conto de terror no que as pantasma sempre terminan vestindo idéntica saba.

E Marcial daba voltas no seu remuíño mental a versos e cancións, e lía con avaricia as páxinas de *El Correo Gallego* que lle traía Corina, tentando descifrar cousas positivas para os leais no percorrer triunfalista de aquelas follas, axiña marelas, que falaban de como “as nosas tropas avanzan sen que o inimigo sexa quen de paralas, e tomamos Badajoz e tomamos Talavera e o exército de Yagüe cada vez máis perto de Madrid”. E Marcial tentaba tirar algunha clave válida para os seus en todo aquilo, e non máis atopaba bágoas que facían por lle saír do peito e ficaban bloqueadas ben no fondo da alma. E a través da parede de madeira delgada, tan fina como papel de fumar *Bambú*, viña a el a canción de moda ese verán

arrepiente. A voz de Estrellita Castro cantando: *Mi jaca galopa y corta el viento cuando pasa por el Puerto caminito de Jerez.*

—Vicente, esa canción é unha tabarra. ¿Non poderías cambiar de emisora?

—Agarda, muller, que agora van dar o parte.

—¿El logo non rezamos o rosario?

—Despois, María, despois.

Marcial escoita esta conversa que vén da casa veciña, coa mesma limpeza coa que sinte o grilar que enche o serán dun concerto de cricrís. De súpeto a radio, a Telefunken da casa contigua, que el ben coñece de ter seguido nela algún concerto ou partido de fútbol, convidado polo dono, home cordial aínda que reticente cara aos da “cáscara amarga”, razón que o fora afastando de Corina e Marcial nos últimos tempos, sobe o ton cal as marés lagarteiras de fins de agosto, eses que agora están vivindo. E unha voz de garrafa, e aínda así ben timbrada berra: “...estas comunistas y anarquistas se lo merecen, ¿no han estado jugando al amor libre? Ahora por lo menos sabrán lo que son hombres de verdad y no milicianos maricas. No se van a librar por mucho que forcejeen y pataleen...”.

—Vicentiño, ese home é un animal.

—Tes razón, María, a min tampouco me presta Queipo de Llano aínda que sexa das nosas ideas. ¿Rezamos o rosario?

Agora a Telefunken ficou muda. Tan só o eco dunhas voces que van deliñando os misterios do rosario como formigas en procesión. Marcial deixa que o sono vaia facendo del terreo amplo e ben nutrido. Vén calor nesta noite cando morre agosto e no fondo, na ribeira, o Río Grande do Xuvia comeza atoparse co mar nese misterio que cada día fai por anovarse. A vidiña.